

# PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 01/07/2025

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 01/07/2025

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

**O Plan de Acción Tutorial revisarase cada 4 anos, terá o consenso do equipo docente e será aprobado en Consello Escolar.**

# ÍNDICE

	Pág.
<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>3</b>
<b>2. CONTRIBUCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL AO LOGRO DAS COMPETENCIAS</b>	<b>4</b>
<b>3. OBXECTIVOS</b>	<b>6</b>
<b>3.1. REFERIDOS AO ALUMNADO</b>	<b>6</b>
<b>3.2. REFERIDOS AO PROFESORADO</b>	<b>7</b>
<b>3.3. REFERIDOS ÁS RELACIÓNS COAS FAMILIAS</b>	<b>8</b>
<b>4. ACCIÓNS ESPECÍFICAS CO ALUMNADO</b>	<b>8</b>
<b>4.1. ACOLLIDA AO ALUMNADO</b>	<b>8</b>
<b>4.2. AVALIACIÓN INICIAL</b>	<b>9</b>
<b>4.3. SESIÓNS GRUPAIS DE TITORÍA</b>	<b>10</b>
<b>4.4. DISTRIBUCIÓN DOS TEMAS DE TITORÍA</b>	<b>10</b>
<b>4.5. ENTREVISTAS PERSOAIS CO ALUMNADO</b>	<b>11</b>
<b>5. ACCIÓNS ESPECÍFICAS COAS FAMILIAS</b>	<b>11</b>
<b>5.1. ACOLLIDA ÁS FAMILIAS</b>	<b>11</b>
<b>5.2. ENTREVISTAS PERSOAIS COAS FAMILIAS</b>	<b>11</b>
<b>5.3. COMUNICACIÓNS E CORRESPONDENCIA</b>	<b>12</b>
<b>6. ACCIÓNS ESPECÍFICAS SOBRE ÁS RELACIÓNS DO EQUIPO DOCENTE</b>	<b>12</b>
<b>6.1. XUNTA DE AVALIACIÓN INICIAL</b>	<b>12</b>
<b>6.2. REXISTRO DE OBSERVACIÓNS E INCIDENCIAS</b>	<b>13</b>
<b>6.3. SUPERVISIÓN DA ASISTENCIA A CLASE</b>	<b>13</b>
<b>7. RECURSOS</b>	<b>14</b>
<b>7.1. RECURSOS MATERIAIS</b>	<b>14</b>
<b>7.2. RECURSOS PERSOAIS</b>	<b>18</b>
<b>8. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</b>	<b>18</b>
<b>9. AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL</b>	<b>20</b>
<b>10. NORMATIVA APLICABLE</b>	<b>21</b>
<b>ANEXOS</b>	<b>23</b>
<b>A.1. MEMORIA TITORIAL</b>	<b>24</b>

## 1. INTRODUCCIÓN

A elaboración do Plan de Acción Titorial do CPR Plurilingüe SEI San Narciso constitúe o documento marco que recolle a organización e o funcionamento das titorías desenvolvidas no centro educativo nos distintos niveis de ensinanzas.

O obxectivo xeral do Plan de Acción Titorial é contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado coa finalidade de que adquira un nivel de madurez e competencia para a súa incorporación de maneira activa, creativa e responsable á sociedade.

Neste senso, na elaboración do presente Plan de Acción Titorial tívose en conta, por un lado, os principios, obxectivos e valores do Proxecto Educativo de Centro; e, por outro lado, as características e necesidades do alumnado. Un proceso de elaboración que tivo como finalidade consensuar un documento base mediante a reflexión crítica construtiva e comprensiva da propia práctica docente para dar resposta ás necesidades e demandas concretas do CPR Plurilingüe SEI San Narciso.

Compre salientar que a acción titorial forma parte da actividade educativa do CPR Plurilingüe SEI San Narciso e, como tal, convértese nun compromiso asumido por todo o profesorado para contribuír de maneira coordinada na orientación personalizada do alumnado no senso educativo, persoal e profesional.

Esta acción titorial está deseñada de maneira complementaria para a promoción, fomento e consecución dos obxectivos educativos do CPR Plurilingüe SEI San Narciso, tomando como referencia os seguintes puntos:

- Promover unha educación personalizada, tendo presente os diversos intereses, motivacións e capacidades do alumnado.
- Contribuír, na totalidade das áreas e de xeito coordinado, ao desenvolvemento da educación integral.
- Promover o aspecto orientador da educación, fomentando a conexión das áreas co contexto real do alumnado.
- Adoptar as medidas metodolóxicas de atención á diversidade propias para contribuír ao desenvolvemento académico e educativo do alumnado.
- Fomentar os procesos de madurez persoal do alumnado, atención a súa propia identidade e sistema de valores.
- Previr e detectar ás dificultades de aprendizaxe coa finalidade de ofrecer a resposta máis axeitada ás mesmas.
- Xerar unha fluída e axeitada relación entre profesorado, alumnado e familia para acadar unha óptima colaboración de cara ao proceso de ensinanza - aprendizaxe.

Para concluír, é preciso destacar o carácter flexible e interactivo que posúe o Plan de Acción Titorial tanto no proceso de elaboración, como no desenvolvemento nos distintos cursos académicos, ao ter en conta as propostas e iniciativas do profesorado titor, profesorado do centro educativo, alumnado, familia e distintos axentes da Comunidade Educativa coa finalidade de mellorar e dar resposta ás diversas necesidades que afloran ao longo do tempo.

## 2. CONTRIBUCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL AO LOGRO DAS COMPETENCIAS

O carácter integrador das actuacións do Departamento de Orientación e en concreto das accións prioritarias planificadas no Plan de Acción Titorial do CPR Plurilingüe SEI San Narciso fan que as aprendizaxes acadadas a partir destas actividades contribúan á adquisición das competencias básicas propostas no currículo oficial.

As actuacións reflectidas no Plan de Acción Titorial relaciónanse directamente coa Competencia persoal, social e de aprender a aprender, a competencia cidadá, a competencia en comunicación lingüística, a competencia plurilingüe, a competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñarías e a competencia dixital; e indirectamente co resto de competencias: competencia emprendedora e competencia en conciencia e expresión cultural. Sendo todas necesarias para acadar o obxectivo final da Orientación Educativa e Profesional: Contribuír a unha formación integral do alumnado e a súa preparación para a vida socio-laboral.

A competencia cidadá neste documento desenvólvese como un aspecto nuclear en interacción co resto de competencias básicas debido á complexidade das sociedades democráticas avanzadas e aos novos retos globais: A igualdade entre os sexos, a loita contra a exclusión social, o respecto pola diversidade e singularidade, a mellora da convivencia, a responsabilidade polas xeracións futuras, o cambio climático e o coidado do medio, o desenvolvemento tecnolóxico, entre outros; e outros problemas propios de sociedades avanzadas como os trastornos alimenticios ou adicións ás novas tecnoloxías da información e comunicación.

O alumnado desenvolverá diferentes capacidades e habilidades que lle permitan unha axustada toma de decisións. Elixir libremente implica buscar información, seleccionala, analizala, sintetizala e transformala en coñecemento útil para o seu desenvolvemento autónomo. Estas destrezas están relacionadas con todas as competencias.

A continuación numéranse algúns dos obxectivos dende as diferentes competencias:

- **COMPETENCIA CIDADÁ (CC)**

- ◊ Reflexionar de forma crítica sobre as situacións de inxustiza social, de discriminación co fin de consolidar valores de cooperación, solidariedade, xustiza e non violencia.
- ◊ Expresar as propias opinións, pensamentos, valores e sentimentos de forma asertiva, contribuíndo a reforzar a autonomía, autoestima e identidade persoal.
- ◊ escoitar activamente; saber poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista desenvolvendo a capacidade de empatía.
- ◊ Relacionarse, cooperar e traballar en equipo.
- ◊ Comprender os valores democráticos.
- ◊ Entender os comportamentos e as formas de vida en contextos históricos e/ou culturais distintos do propio.
- ◊ Valorar e respectar a diversidade.

- ◊ Fomentar habilidades sociais destinadas a mellorar as relacións interpersoais.
- ◊ Experimentar a práctica do diálogo como medio para afrontar e resolver as situacións de conflito mediante procedementos non violentos.
- COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL (CCEC)
  - ◊ Desenvolver a sensibilidade para gozar coas distintas expresións do patrimonio natural e cultural.
  - ◊ Valorar a cultura e o cine como medio para desenvolver valores a través de diversos programas culturais e artísticos.
  - ◊ Interesarse por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico.
- COMPETENCIA DIXITAL (CD)
  - ◊ Obter información a través de fontes de distinta natureza: prensa, libros de texto especializados, Internet, entre outros.
  - ◊ Utilizar os buscadores para localizar información en Internet, principalmente de cara ao asesoramento vocacional.
  - ◊ Relacionar, analizar, comparar e sintetizar a información procedente das distintas fontes traballadas.
- COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)
  - ◊ Interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.
  - ◊ Saber expresar axeitadamente as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito.
  - ◊ Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial a descrición e a argumentación.
  - ◊ Defender o punto de vista persoal con argumentos coherentes e pertinentes.
  - ◊ Elaborar definicións dos conceptos estudados, utilizando a terminoloxía máis axeitada en cada caso.
  - ◊ escoitar, analizar e ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico.
- COMPETENCIA PLURILINGÜE (CP)
  - ◊ Interpretar textos en distintos idiomas de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.
  - ◊ Saber expresar en distintos idiomas axeitadamente as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito.
  - ◊ Elaborar definicións en distintos idiomas dos conceptos estudados, utilizando a terminoloxía máis axeitada en cada caso.
  - ◊ escoitar, analizar e ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico en distintos idiomas.

- COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑERIAS (STEM)
  - ◊ Interpretar escalas numéricas e gráficas.
  - ◊ Analizar e comparar a información cuantitativa de táboas, listaxes, gráficos e mapas.
  - ◊ Facer cálculos matemáticos sinxelos para comparar estatísticas básicas sobre as diferentes culturas, aumento da conflictividade, entre outras.
- COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE PARA APRENDER A APRENDER (CPSAA)
  - ◊ Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
  - ◊ Buscar explicacións multicausais para comprender un fenómeno e avaliar as súas consecuencias.
  - ◊ Anticipar posibles escenarios das accións individuais e sociais.
  - ◊ Saber comunicar e expresar de forma efectiva os resultados acadados no propio traballo.
  - ◊ Tomar conciencia do que se aprendeu e o que falta por aprender.
- COMPETENCIA EMPRENDEDORA (CE)
  - ◊ Coñecer o ámbito do da empresa e o traballo.
  - ◊ Coñecer as distintas actividades profesionais e as funcións principais que se desenvolven en cada unha delas.
  - ◊ Saber argumentar de forma lóxica e coherente os propios puntos de vista.
  - ◊ Tomar decisións e saber escoller a maneira de recuperar a información máis axeitada en cada caso.
  - ◊ Facer un seguimento das aprendizaxes realizadas sobre traballo e empresa.

### 3. OBXECTIVOS

Partindo das funcións para o profesorado titor no Decreto 229/2011, así como a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, establécense os seguintes obxectivos no Plan de Acción Titorial do CPR Plurilingüe SEI San Narciso estruturados en tres bloques referidos aos ámbitos de actuación na Acción Titorial.

#### 3.1. REFERIDOS AO ALUMNADO

- Proporcionar, no principio do curso académico, información referente ao calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, Programa de Titoría Entre Iguais (TEI), Programa Prensa Escola, Proxecto Voz Natura, Proxecto Faro da Escola, criterios de avaliación do grupo, entre outros aspectos.
- Coñecer as características persoais do alumnado a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para tal fin.

- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico do alumnado.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino aprendizaxe do alumnado para detectar as dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar respostas educativas axeitadas e solicitar os oportunos asesoramentos ou apoios.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do CPR Plurilingüe SEI San Narciso.
- Informar ao alumnado do grupo de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades educativas e o seu rendemento académico.
- Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso educativo e formativo.
- Favorecer e potenciar as habilidades persoais e sociais a nivel individual e de grupo.
- Promover a convivencia e a resolución pacífica de conflitos, mediante a dinamización da reunión de alumnado delegado.
- Favorecer o proceso de maduración vocacional, orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- Orientar as demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar, en colaboración co alumnado delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e Equipo Directivo nos problemas que se presenten.
- Controlar as faltas de asistencia ou puntualidade do alumnado.

### 3.2. REFERIDOS AO PROFESORADO

- Informar ao equipo docente das características do alumnado e grupo de alumnado, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos ou necesidades específicas de apoio educativo.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnado.
- Informar ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico do seu alumnado.
- Informar e obter información sobre a evolución das Adaptacións Curriculares do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo do seu grupo, en coordinación co Departamento de Orientación.
- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e a familia do alumnado.
- Colaborar co resto de profesorado titor e co Departamento de Orientación no marco do Proxecto Educativo e Proxecto Curricular de Centro.
- Exercer, de acordo co Proxecto Curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.
- Ter informados a Xefatura de Estudos e ao resto do equipo docente das faltas de asistencia ou puntualidade do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria e

Bacharelato na primeira hora de clase. Na Educación Infantil e Educación Primaria ter constancia das faltas e preguntar as familias. Cando o alumnado teña un número considerable de faltas de asistencia sen xustificar avisarase ao Departamento de Orientación, Xefatura de Estudos e Dirección, para tomar medidas propias seguindo o Protocolo de Absentismo Escolar.

- Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo de aula.
- Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de aula.

### 3.3. REFERIDOS ÁS RELACIÓNS COAS FAMILIAS

- Proporcionar, no principio do curso académico, información referente ao calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, Programa de Titoría Entre Iguais (TEI), Programa Prensa Escola, Proxecto Voz Natura, Proxecto Faro da Escola, criterios de avaliación do grupo, entre outros aspectos.
- Informar ás familias ou persoa titora legal do alumnado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades educativas e o rendemento académico do alumnado.
- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias ou persoa titora legal do alumnado.
- Implicar ás familias ou persoa titora legal do alumnado nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación.
- Ter informadas ás familias ou persoa titora legal do alumnado das faltas de asistencia ou puntualidade.
- Informar ás familias ou persoa titora legal do alumnado dos conflitos disciplinarios dos alumnos, así como das sancións ou medidas propostas.

## 4. ACCIÓNS ESPECÍFICAS CO ALUMNADO

### 4.1. ACOLLIDA AO ALUMNADO

Na Educación Infantil, a acollida ao alumnado de nova incorporación ao CPR Plurilingüe SEI San Narciso realizarase no patio por parte do profesorado titor.

No resto dos cursos a acollida do alumnado de nova incorporación ao CPR Plurilingüe SEI San Narciso realizaraa o profesorado titor na aula e será este o encargado de ensinalle as instalacións e as normas de organización e funcionamento do propio centro; posteriormente, á presentación do titor co alumnado seguirá a seguinte secuencia:

- Dentro da aula, o profesorado titor, situará ao alumnado por orde alfabética e atendendo as necesidades educativas detectadas.
- Pasará lista e informará sobre as diversas materias do curso e materias pendentes. Calquera erro comunicarase por escrito á Xefatura de Estudos.

- Facilitará o horario semanal e o nome do profesorado das diversas materias.
- Levantará acta detallada do estado da aula; promovendo no alumnado o bo coidado da mesma e das instalacións do centro educativo.
- Informará a o alumnado que se alguén desexa cambiar de opción ou materias optativas ten de prazo ata o día 1 de outubro, sempre e cando se forme un grupo de alumnado cun número mínimo dentro das alternativas. Para facer este cambio deberán presentar en Xefatura de Estudos instancia razoada do motivo polo que solicitan o cambio.
- Informará dos puntos principais do Regulamento de Réxime Interior, durante as sesións de titoría presencial, e ao resto dos cursos que non teñen sesións de titoría presencial farase nos primeiros días. Resulta necesario que nesta xornada de acollida se fixera un repaso dos apartados referidos ao alumnado, insistindo nos dereitos, deberes e sancións.

## 4.2. AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial é fundamental ao comezo de todos os cursos para poder orientar a actividade educativa e académica. No CPR Plurilingüe SEI San Narciso establécese que se realizará obrigatoriamente ao comezo de cada curso da Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. Nestes cursos o profesorado titor, en colaboración co equipo docente de cada curso realizarán unha serie de probas co obxectivo de obter información que permita establecer o nivel de partida do alumnado e previr posibles dificultades específicas da aprendizaxe.

Nesta avaliación inicial do alumnado inclúense as seguintes probas:

- Avaliación das Competencias Clave en todos os cursos da Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- Áreas académicas. Proba para determinar o nivel de dominio dos contidos mínimos nas diferentes áreas ou materias segundo os criterios de avaliación.
- Enquisa sobre aspectos xerais familiares, de relación social e educativos (responsabilidade do profesorado de cada grupo de aula).
- Ficha individual do profesorado titor sobre o alumnado do grupo de aula.
- Test de intelixencia xeral (responsabilidade do Departamento de Orientación) para o alumnado de nova incorporación na Educación Primaria e na Educación Secundaria Obrigatoria.
- Test de Orientación Profesional (responsabilidade do Departamento de Orientación), para o alumnado de 2º, 3º e 4º curso de Educación Secundaria e 1º e 2º curso de Bacharelato.

Esta información permitirá realizar a avaliación inicial de cada un dos grupos, e ao mesmo tempo determinar na reunión de avaliación inicial, que se realizará no mes de outubro, se houberse casos que precisasen dunha avaliación psicopedagóxica ou dun seguimento máis individualizado.

### 4.3. SESIÓNS GRUPAIS DE TITORÍA

As sesións de titoría especificaranse dentro do horario respectivo de cada grupo, tendo a consideración de hora lectiva a todos os efectos nos grupos da Educación Secundaria Obrigatoria. Estas desenvolveranse segundo o modelo elaborado polo grupo de profesorado titor en cada curso que incluirá, entre outras, as seguintes sesións:

- Acollida do alumnado.
- Realización de probas de Avaliación Inicial.
- Elección de alumnado delegado.
- Análise das normas de convivencia.
- Preparación das avaliacións.
- Análise dos resultados das avaliacións.
- Programa Titoría Entre Iguais (TEI). Alumnado de 3º e 5º de Educación Primaria. Alumnado de 1º e 3º de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Programa Prensa Escola. Alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.
- Proxecto Voz Natura. Alumnado de Educación Primaria.
- Proxecto Faro da Escola. Alumnado de Educación Primaria.
- Orientación Profesional (2º, 3º e 4º curso de Educación Secundaria Obrigatoria; 1º e 2º curso de Bacharelato).
- Análise da situación dentro do sistema educativo.
- Temas libres (temas que propondrá o alumnado con dúas semanas de antelación).
- Orientacións para o próximo curso académico.

Esta programación base poderase modificar en función das características específicas do grupo de alumnado e das circunstancias propias de cada ano, entre outros factores.

Para facilitar o traballo nestas sesións de titoría organizaranse reunións de todo o profesorado titor co Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos segundo se establece na coordinación e o seguimento do labor titorial establecido no presente mesmo plan.

O Departamento de Orientación elaborará algún material específico para o traballo nas sesións presenciais de titoría en colaboración co profesorado titor coa finalidade de que este traballo se desenvolva de forma coordinada en todos os cursos do CPR Plurilingüe SEI San Narciso. Este material estará a disposición do profesorado titor no Departamento de Orientación e entregárase nas respectivas reunións de coordinación.

### 4.4. DISTRIBUCIÓN DOS TEMAS DE TITORÍA

Os temas a traballar en cada unha das horas de titoría ao longo dos cursos académicos distribúense nunha reunión, ao inicio do curso académico, co profesorado titor,

Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos por etapas educativas. Nestas reunións escolleranse os temas a traballar para cada un dos cursos e distribuiranse segundo o calendario lectivo.

#### **4.5. ENTREVISTAS PERSOAIS CO ALUMNADO**

Ademais do traballo de titoría con todo o grupo, resultará habitual realizar entrevistas de forma individualizada co alumnado, ben por algún problema de disciplina ou para orientar de forma particular o desenvolvemento académico. Para estes efectos haberá no horario de cada titor, en colaboración co Departamento de Orientación, unha hora de atención individualizada ao alumnado.

### **5. ACCIÓNS ESPECÍFICAS COAS FAMILIAS**

#### **5.1. ACOLLIDA ÁS FAMILIAS**

No mes de setembro realizarase unha reunión coas familias ou persoa titora legal do alumnado segundo cursos: Unha reunión para Educación Infantil e Educación Primaria; e outra para Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Nesta reunión explicarase o funcionamento do CPR Plurilingüe SEI San Narciso e normas xerais, despois presentarse ao profesorado titor que acompañará a as familias á aula e informará da organización do centro educativo e os aspectos máis significativos para o día a día:

- Identidade do CPR Plurilingüe SEI San Narciso.
- Horario de atención ás familias de cada profesorado e do profesorado titor.
- Normas de convivencia e procedemento corrector.
- Dereitos e deberes do alumnado.
- Calendario escolar.
- Actividades culturais, formativas e recreativas.
- Funcionamento do Departamento de Orientación.
- Titorías co alumnado: Temas por curso e trimestre.
- Criterios de avaliación e promoción.
- Comunicación e entrega de notas.
- Outra información que o profesorado titor considere oportuna.

O profesorado titor aclarará calquera dúbida que teñan as familias e anotará as propostas de mellora sobre os puntos tratados.

#### **5.2. ENTREVISTAS PERSOAIS COAS FAMILIAS**

As entrevistas coas familias do alumnado que así o soliciten realizaranse no horario específico da titoría (hora de atención ás familias). Para facilitar esta tarefa o profesorado titor recollerá información de todo o equipo docente e apuntará o máis relevante no Informe de Titoría.

As familias do alumnado que queiran entrevistarse co profesorado titor deberán solicitar cita previa para concretar día e hora.

### 5.3. COMUNICACIÓNS E CORRESPONDENCIA

Para a comunicación telefónica coas familias prégase utilizar o teléfono da conserxería ou da secretaría do centro educativo.

Para a correspondencia, os sobres recolleranse na secretaría do centro educativo e, posteriormente, entregaranse na conserxería ou secretaría do centro educativo. Tamén se entregarán comunicacións escritas ás familias por medio do alumnado.

O CPR Plurilingüe SEI San Narciso é consciente de que a participación en accións de dinamización dirixidas a favorecer o uso das TIC da acceso a unha variedade de contidos suficientes, diversos e de calidade ao alcance de todos. O día a día no proceso de ensinanza - aprendizaxe do alumnado non pode ser allea ao uso das novas tecnoloxías na aula polo que se precisan novas ferramentas que faciliten a comunicación coas familias así como a formación do alumnado.

O CPR Plurilingüe SEI San Narciso aposta pola calidade educativa, e un dos obxectivos é mellorar a comunicación entre todas as persoas que contribúen e forman este proxecto educativo. Durante todo o curso académico habilitouse unha plataforma educativa “Alexia” que axuda a xestionar e manter informada ás familias sobre o proceso educativo e temas afíns.

## 6. ACCIÓNS ESPECÍFICAS SOBRE ÁS RELACIÓNS DO EQUIPO DOCENTE

### 6.1. REUNIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Na reunión da Avaliación Inicial o profesorado titor aportará o informe de avaliación inicial no que aparecerán reflectidos os resultados xerais de todo o grupo nos diferentes apartados avaliados (nivel en cada unha das áreas, nivel das competencias clave, resultados da enquisa inicial, resultados das probas psicométricas e do resto das áreas) para o cal todo o profesorado terá que aportar os resultados correspondentes para que o profesorado titor poida realizar o informe antes da reunión da avaliación. Nesta tarefa o profesorado titor poderá solicitar a colaboración do Departamento de Orientación. Os datos das avaliacións psicopedagóxicas serán comentados con posterioridade.

Ademais, nesta reunión da avaliación inicial o profesorado titor remitirá ao Departamento de Orientación, previa consulta co equipo docente, as solicitudes de avaliación psicopedagóxica que considere oportunas en función das dificultades que atope no alumnado e tendo en conta os resultados das probas realizadas.

A reunión da avaliación estará presidida polo profesorado coordinador de etapa e por un membro do Equipo Directivo. O profesorado titor terá a iniciativa referente ao grupo aula correspondente e deberá asistir todo o profesorado que imparta docencia no grupo aula. A continuación presentarase un guiión modelo da orde do día dunha sesión de avaliación:

- **AVALIACIÓN GRUPAL:**
  - Presentación por parte do profesorado titor do informe do alumnado.
  - Presentación por parte do profesorado titor dos resultados xerais do grupo nas diferentes áreas ou materias.
  - Debate e primeiras conclusións.
- **AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA:**
  - Análise dos casos propostos polo profesorado titor.
  - Análise doutros casos propostos polo resto do equipo docente.
  - Acordos e decisións sobre os casos particulares, especialmente do seguimento do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- **SÍNTESI DE ACORDOS E CONCLUSIÓNS:**
  - Da xunta de avaliación levantarase acta na que se reflectirán os acordos e conclusións que farán referencia fundamentalmente a aspectos (Acta da reunión da Avaliación) sobre o grupo e a relación profesorado/alumnado; programas, metodoloxía e coordinación entre o profesorado.
  - O seguimento das medidas de atención á diversidade tanto ordinarias como extraordinarias co fin de valorar a pertinencia de mantelas, modificalas ou suprimilas, en coordinación co Departamento de Orientación.
  - Outros aspectos.

## 6.2. REXISTRO DE OBSERVACIÓNS E INCIDENCIAS

Cando o alumnado realiza algún acto contrario ás normas de convivencia sinalados no Regulamento de Réxime Interior, é responsabilidade do profesorado a corrección da súa conduta. Se se considera necesario corríxila mediante a comparecencia ante a Xefatura de Estudos terase que seguir o procedemento “Parte de Incidencia”:

- O profesorado fará constar no “Parte de Incidencia” o nome do alumnado así como a hora na que foi sancionado ou en caso grave enviado á Xefatura de Estudos.
- O profesorado que envía ao alumnado a Xefatura de Estudos presentará ante a Xefatura de Estudos dito parte. O profesorado, tras falar co profesorado titor e coa Xefatura de Estudos, porá en coñecemento do pai, nai ou titor legal do alumnado dito incidente. Esta entrevista, de realizarse, poderá ter lugar en presenza do profesorado titor.
- O profesorado titor fará constar no “Informe de Titoría” dita reunión, os feitos acontecidos, e, de ser o caso, os motivos da sanción e o seu cumprimento.

## 6.3. SUPERVISIÓN DA ASISTENCIA A CLASE

A supervisión da asistencia a clase en cada unha das materias é responsabilidade directa de cada profesorado en ditas áreas e materias.

Cada profesorado comunicará a través da plataforma educativa “Alexia” as faltas de asistencia do alumnado coa finalidade de que se avise á familia e tome nota dos motivos da non asistencia do alumnado.

O profesorado que imparta docencia nun desdobre de curso realizará o mesmo procedemento anteriormente mencionado.

O profesorado titor indicará, cando teña dito coñecemento, a xustificación das faltas na plataforma educativa “Alexia”. As causas xustificadas establecidas no Regulamento de Réxime Interno son:

- Enfermidade mentres dure. Xustificarase mediante parte médico e/ou aviso ao centro por parte da familia no momento de coñecer a enfermidade e despois xustificante por escrito.
- Visita ao médico ou especialista. Xustificarase mediante o xustificante de ter ido mentres faltou a clase.
- Causa de forza maior. Xustificarase mediante comunicación ao profesor titor con antelación ou no menor prazo posible, do motivo polo que faltou acompañado da documentación propia de ser o caso.

O profesorado titor comprobará que están anotadas as faltas de asistencia, xustificacións e amoestacións coa finalidade de contactar coas familias do alumnado, cando advirta que se produce un número elevado de faltas.

Cando o alumnado teña faltas sen xustificar o profesorado titor deberá comunicarllo á Xefatura de Estudos.

As faltas de puntualidade, comunicaranse a través da plataforma educativa “Alexia” para seguir un control por parte da Xefatura de Estudos e ao profesorado titor, establecendo as sancións reguladas no Regulamento de Réxime Interno.

## 7. RECURSOS

### 7.1. RECURSOS MATERIAIS

Os materiais a empregar nas titorías serán sempre comúns para cada un dos cursos do mesmo nivel. Ademais dos materiais elaborados polo profesorado titor en colaboración co Departamento de Orientación tomarase como referencia para cada nivel os seguintes aspectos:

- EDUCACIÓN INFANTIL:

Na Educación Infantil potenciarase e promoverase a aprendizaxe cooperativa e desenvolvemento de proxectos educativos coa finalidade de promover no alumnado o desenvolvemento das capacidades que lle permitan:

- ✓ Coñecer o propio corpo e o do grupo de iguais, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- ✓ Observar e explorar a contorna familiar, natural e social.
- ✓ Adquirir progresivamente autonomía nas actividades habituais.
- ✓ Desenvolver as capacidades afectivas.
- ✓ Relacionarse co grupo de iguais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.

- ✓ Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- ✓ Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura e no movemento, no xesto e no ritmo.

• EDUCACIÓN PRIMARIA:

Na Educación Primaria potenciarase e mellorarase a aprendizaxe, co desenvolvemento e reforzo tanto das capacidades e habilidades cognitivas (atención, dominio da impulsividade, vocabulario, expresión oral, expresión escrita, capacidade de organización e planificación) como das afectivas (colaboración, motivación, emocións, autoestima, autoconcepto e habilidades sociais).

Material básico de traballo: Material propio do centro educativo; material do Programa Tutoría Entre Iguais (TEI); material do Plan Director; material do Proxecto Faro da Escola, material do Programa Prensa Escola, material do Proxecto Voz Natura, material do Programa de Prevención da Asociación Española Contra o Cancro (AECC); entre outros.

As actividades propostas no Plan de Acción Titorial neste nivel educativo teñen a finalidade de promover no alumado o desenvolvemento das capacidades que lle permitan:

- ✓ Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como a pluralidade propia dunha sociedade democrática.
- ✓ Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- ✓ Adquirir habilidades para a prevención e a resolución pacífica de conflitos, que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- ✓ Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- ✓ Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e lingua galega e desenvolver hábitos de lectura.
- ✓ Adquirir nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- ✓ Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da vida cotiá.
- ✓ Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura.

- ✓ Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- ✓ Utilizar as diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- ✓ Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o doutras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a Educación Física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- ✓ Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ✓ Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- ✓ Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

• EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

Na Educación Secundaria Obrigatoria potenciarase a aprendizaxe, co desenvolvemento das capacidades e habilidades cognitivas e afectivas.

Material básico de traballo: Material propio do centro educativo; material do Programa Tutoría Entre Iguais (TEI); material do Plan Director; material do material do Programa Prensa Escola, material do Programa de Prevención da Asociación Española Contra o Cancro (AECC); entre outros.

As actividades propostas no Plan de Acción Titorial neste nivel educativo teñen a finalidade de promover no alumado o desenvolvemento das capacidades que lle permitan:

- ✓ Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- ✓ Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- ✓ Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquer outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- ✓ Fortalecer as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquer tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

- ✓ Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- ✓ Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, estruturado en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para a identificación dos problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- ✓ Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- ✓ Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e lingua galega textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- ✓ Comprender e expresarse nunha lingua estranxeira de maneira axeitada.
- ✓ Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- ✓ Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e doutras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporal, e incorporar na Educación Física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo a súa conservación e mellora.
- ✓ Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

- BACHARELATO:

No Bacharelato potenciarase a aprendizaxe, co desenvolvemento das capacidades e habilidades cognitivas e afectivas baseadas na orientación académica e profesional do alumnado.

Material básico de traballo: Material propio do centro educativo; material do Plan de Orientación Académica e Profesional; material da Comisión Interuniversitaria de Galicia; entre outros.

As actividades propostas no Plan de Acción Titorial neste nivel educativo teñen a finalidade de promover no alumnado o desenvolvemento das capacidades que lle permitan:

- ✓ Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española así como polos dereitos humanos, que fomenten a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

- ✓ Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- ✓ Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- ✓ Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- ✓ Dominar, tanto na expresión oral coma escrita a lingua castelá e lingua galega.
- ✓ Expresarse con fluidez e corrección nunha lingua estranxeira.
- ✓ Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- ✓ Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, seus antecedentes históricos e principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu entorno social.
- ✓ Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- ✓ Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto polo medio ambiente.
- ✓ Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- ✓ Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ✓ Utilizar a Educación Física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

## 7.2. RECURSOS PERSOAIS

Cada grupo terá unha soa persoa responsable da acción titorial directa co grupo que será o profesorado titor designado ao comezo de curso académico. Nesta tarefa o profesorado titor terá o apoio e colaboración do Departamento de Orientación con todo o persoal que o compón, entre eles o Orientador, Profesorado Especialista en Audición e Linguaxe / Pedagogía Terapéutica, e Profesorado de Reforzo Educativo.

## 8. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación é o órgano onde se articulan as funcións da orientación e titoría. No caso do CPR Plurilingüe SEI San Narciso as funcións propias do Departamento de Orientación relativas ao Plan de Acción Titorial son as seguintes:

- ❖ Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e en colaboración co profesorado titor, as propostas de organización da orientación educativa, psicopedagóxica, profesional e do Plan de Acción Titorial, e elevalas á Comisión de Coordinación Pedagóxica para a súa discusión e posterior inclusión nos proxectos curriculares de etapa.
- ❖ Propoñer o Plan de Acción Titorial para as diversas etapas, que deberá aprobar o equipo docente recollendo as aportacións do profesorado titor.
- ❖ Facilitar os recursos de apoio necesarios para a realización das actividades programadas polo profesorado titor.
- ❖ Contribuír ao desenvolvemento da orientación educativa, psicopedagóxica e profesional do alumnado, especialmente no que concirne aos cambios de ciclo ou etapa, e a elección entre as distintas opcións académicas, formativas e profesionais.
- ❖ Participar e colaborar no desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan de Acción Titorial, e elevar ao Consello Escolar unha memoria sobre a súa implementación ao finalizar o curso académico.
- ❖ Colaborar co profesorado titor na prevención, detección e valoración das dificultades específicas da aprendizaxe do alumnado e doutros problemas que poidan afectar ao seu desenvolvemento.
- ❖ Participar na elaboración do Consello Orientador que, sobre o futuro académico e profesional do alumnado, deberá formularse ao termo de cada curso da Educación Secundaria Obrigatoria.
- ❖ Coordinar a intervención dos axentes externos que participen nas actividades de orientación do centro educativo.

Para o correcto desenvolvemento das funcións sinaladas precisarase a coordinación desde a Xefatura de Estudos seguindo as directrices xerais propostas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do CPR Plurilingüe SEI San Narciso.

Dita proposta ten como finalidade facilitar a temporalización dos contidos, actividades, recursos e coordinación do profesorado titor e equipo docente. A súa vez, susténtase en catro eixes de intervención para o axeitado desenvolvemento do Plan de Acción Titorial:

- Mellorar o clima de convivencia do grupo aula e, en xeral, do centro educativo.
- Coordinar o proceso de ensinanza - aprendizaxe do alumnado.
- Orientar e asesorar ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- Facilitar a cooperación entre o profesorado e as familias.

A coordinación entre Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación e profesorado titor ten como obxectivos:

- Establecer as necesidades do grupo de alumnado.
- Consensuar as actuacións a desenvolver no Plan de Acción Titorial.
- Programar as sesións de titoría en cada etapa educativa.

- Coordinar o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.
- Realizar o seguimento e avaliación do Plan de Acción Titorial.

Desde o Departamento de Orientación recoméndase dar preferencia no primeiro trimestre a todas as actividades de acollida, presentación, información do grupo e técnicas de estudo. Asemade, antes e despois de cada avaliación programaranse accións encamiñadas á análise dos resultados académicos. A finais do segundo trimestre a proposta é desenvolver as actividades de información académica e orientación das preferencias profesionais do alumnado. Mentres que o resto de actividades da titoría dependen do criterio e necesidades que cada titor detecte no seu grupo de aula.

A través de reunións periódicas (carácter quincenal) entre Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación e profesorado titor darase resposta á programación do Plan de Acción Titorial, á vez que se proporcionará o asesoramento e o apoio necesario para o correcto desenvolvemento das actividades e funcións das titorías.

## 9. AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

A avaliación do Plan de Acción Titorial consta de dúas dimensións xerais:

1. Referida a obxectivos, contidos e actividades do Plan de Acción Titorial correspondente a cada etapa educativa.
2. Referida ao Plan de Acción Titorial como programa a longo prazo.

Deste xeito, o proceso avaliador ten tres momentos fundamentais:

- ✓ **Avaliación Inicial:**  
Partir da contextualización das necesidades do alumnado destinatario e do centro educativo. Reunión de coordinación co profesorado titor para recoller propostas e detectar necesidades.
- ✓ **Avaliación Procesual:**  
Ao longo do desenvolvemento do Plan de Acción Titorial. Reunións co profesorado titor para dar resposta (modificación e adaptación) ás partes do plan que se consideren oportunas mellorar (intervención e acción titorial).
- ✓ **Avaliación Final:**  
Na fase final do desenvolvemento do Plan de Acción Titorial. Reunión entre Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación e profesorado titor para establecer propostas de mellora para os seguintes cursos académicos.

Para avaliar o correcto desenvolvemento do Plan de Acción Titorial teranse en conta os seguintes aspectos:

- Grao de consecución dos obxectivos e de adquisición das competencias clave.
- Relevancia dos contidos seleccionados.
- Adecuación das actividades para acadar os obxectivos e as competencias.
- Grao de coordinación entre Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación e profesorado titor.

- Contribución das actuacións desenvolvidas para a mellora das relacións entre centro educativo e familias.

Procedemento da avaliación do Plan de Acción Titorial:

- ❖ Reunións de coordinación e seguimento entre Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación e profesorado titor.
- ❖ Informe final, do profesorado titor, sobre o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial (necesidades do grupo aula, obxectivos, contidos, actividades e propostas de mellora). Anexo A.1. Memoria Titorial.
- ❖ Información aportada polo alumnado: Enquisa sobre a valoración do Plan de Acción Titorial do CPR Plurilingüe SEI San Narciso.
- ❖ Información aportada polas familias do alumnado: Reunións e titorías.

Ao finalizar o curso académico elaborárase unha memoria final do Plan de Acción Titorial que integrará os resultados das distintas avaliacións realizadas coa finalidade de recoller o desenvolvemento do mesmo e definir propostas de mellora para o seguinte curso académico. Asemade, dita memoria terá carácter consultivo por parte do profesorado titor, Departamento de Orientación, Xefatura de Estudos e Comisión de Coordinación Pedagóxica para a súa revisión e aceptación das propostas de mellora a incluír na concreción anual do Plan de Acción Titorial do seguinte curso académico

## 10. NORMATIVA APLICABLE

A normativa aplicable tida en conta no proceso de elaboración do Plan de Acción Titorial do CPR Plurilingüe SEI San Narciso é a seguinte:

- *Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.*
- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.*
- *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se Modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.*
- *Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de Ordenación e Integración da Formación Profesional.*
- *Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula á diversidade do alumnado dos centros docentes*

*da Comunidade Autónoma de Galicia no que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.*

- *Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*
- *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*
- *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*
- *Resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024/25.*

# ANEXOS

## A.1. MEMORIA TITORIAL



# MEMORIA TITORIAL

Curso Académico: \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_

<b>PROFESORADO TITOR</b>	
<b>CURSO</b>	

### 1. VALORACIÓN DA ACTITUDE DO GRUPO:

Situación inicial do grupo (antecedentes, dinámica do grupo, cohesión grupal...)

<b>Evolución ao longo do curso</b>	<b>Moi Mala</b>	<b>Mala</b>	<b>Regular</b>	<b>Bo</b>	<b>Moi Bo</b>
Convivencia escolar					
Actitude e comportamento					
Participación nas actividades					
Ambiente de traballo					
Cohesión grupal					
Rendemento académico					
<b>OBSERVACIÓNS</b>					

Grupo problemático nalguna materia		Non	Sí (especificar):
Grupo problemático en todas as materia		Non	Sí

Número de alumnado con frecuentes faltas de asistencia a clase (máis de 8 por trimestre) |

<b>Número de alumnado con condutas contrarias as normas de convivencia</b>	Condutas leves	
	Condutas gravemente perxudiciais	



### 3. ACCIÓNS TITORIAIS:

Escala de valoración: Sendo 1 a puntuación máis baixa e 5 a puntuación máis alta.

Relación coas familias	1	2	3	4	5
Realizáronse as sesións informativas previstas					
Facilitouse información sobre os aspectos novedosos do curso e de interese xeral					
Facilitouse información individualizada, do alumnado e/ou do grupo, ao longo dos trimestres					
Establecéronse dende a titoría programas colaborativos coas familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, alumnado repetidor, alumnado con problemas de conducta, entre outros					
Grao de satisfacción co cumprimento dos compromisos adquiridos polas familias					
Séguese protocolo de entrevista coas familias (informe de titoría, unha titoría por trimestre)					
Grao de satisfacción global do profesorado titor co desenvolvemento das titorías mantidas coas familias					

Rexistros das titorías mantidas coas familias					
	Menos dun 30%		Arredor do 50%		No 70% - 100%

A maioría das titorías mantidas coas familias foi proposta por			
	Profesorado Titor		Familias

Na maioría das titorías mantidas coas familias foi por motivos					
	Redemento académico		Actitude e conducta		Peroais

ACCIÓNS CONTIDAS NO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL	Tempo adicado nas horas de titoría					Grao de satisfacción				
	1	2	3	4	5	1	2	3	4	5
Acollida, integración, coñecemento (individual e grupal), organización e funcionamento do grupo										
Avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe e coordinación co Equipo Docente										
Competencias clave a desenvolver desde a titoría (comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido de iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais)										

Integración dos temas transversais e valores a través dos días de especial interese educativo e cultural, as festas tradicionais e celebracións propias do centro educativo										
Programa Plan Director (usos das TIC, prevención de consumo de drogas, non á violencia...)										
Orientación Académica e Profesional										

Outras acción realizadas en función dos intereses do grupo e/ou necesidades xurdidas (especificar a temática desenvolvida)	Tempo adicado nas horas de titoría					Grao de satisfacción				
	1	2	3	4	5	1	2	3	4	5
Programa Tutoría Entre Iguais (TEI)										

Dificultades atopadas no desenvolvemento das accións	Propostas de mellora

#### 4. COORDINACIÓN:

Coordinación - Colaboración	1	2	3	4	5
Profesorado titor do curso anterior (si procede)					
Coordinador de Etapa Educativa					
Xefatura de Estudos					
Orientador					
Equipo Directivo					

#### 4. REFLEXIÓN GLOBAL:

Profesorado Titor	1	2	3	4	5
Implicación no desenvolvemento das accións tutoriais					

**Atendendo ás necesidades do grupo e tendo en conta o traballo realizado nas sesións de tutoría, o principal logro neste curso foi:**

**A dificultade máis relevante para desenvolver o meu traballo tutorial foi:**

**As miñas propostas de mellora, prioritarias, son:**

- 
- 
-

En Marín, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_